

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

ELECCIÓN CONSELLOS ESCOLARES

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e RRHH e da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG do 18 de setembro de 2024), realizarase próximamente neste Centro a renovación do CONSELLO ESCOLAR que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Instituto.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, integrada por:

- A directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro. Dito **sorteo**, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase no **despacho de dirección** o próximo día **21 de outubro, luns, ás 10:10 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Cambre, 11 de outubro de 2024.

A dirección